

## Criterios de corrección para a proba de galego.

### Celga 3

O nivel de coñecemento da lingua galega esixido é o correspondente ao Celga 3, tal e como se establece na *Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga)* publicada no Diario Oficial de Galicia do 30 de xullo de 2007. Terase en conta tamén o establecido na *Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga)*.

O nivel corresponde tamén co nivel B2 do *Marco europeo común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación*, elaborado polo Consello de Europa e do que existe tradución a diversas linguas europeas, entre elles ao galego.

A proba de galego consta de dúas partes, unha parte escrita e outra oral. Os criterios seguidos para avaliar cada unha destas partes son os seguintes:

#### Proba escrita

Avaliarase a ADECUACIÓN, terase en conta que se resolva a actividade en termos xerais, que se cumpra coa extensión requirida e se traten os puntos esixidos na tarefa cunha información adecuada. Valorarase que o formato textual e o rexistro sexan os adecuados.

Avaliarase a COHESIÓN e a COHERENCIA, que se presente a información organizada, que se faga un uso correcto e variado dos conectores e que se usen de xeito correcto os signos de puntuación.

Avaliarase a GRAMÁTICA, que non haxa errores morfolóxicos, sintácticos ou ortográficos.

Avaliarase o LÉXICO, isto é, a variedade e riqueza léxica, a corrección, precisión e amplitude do vocabulario empregado.

#### Proba oral

Avaliarase a ADECUACIÓN, que se resolva a actividade en termos xerais, que a producción se adapte á finalidade do acto comunicativo e ao contexto, e que o rexistro empregado sexa o adecuado.

Avaliarase a INTERACCIÓN, que se empreguen estratexias de colaboración co interlocutor e que se faga uso da quenda de palabra con naturalidade.

Avaliarase a COHESIÓN e FLUIDEZ, que se presente a información ben organizada e as ideas ben enlazadas, do xeito máis fluído posible.

Avaliarase a PRONUNCIA e a ENTOACIÓN, que a pronuncia sexa correcta e que se faga un uso axeitado da fonoloxía galega.

Avaliarase a GRAMÁTICA, que non haxa errores morfolóxicos ou sintácticos.

Avaliarase o LÉXICO, isto é, a variedade e riqueza léxica, a precisión e amplitude do vocabulario em

Documento asinado digitalmente conforme a Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015)

Santiago de compostela  
A presidenta do Tribunal  
Maria Jesus Giraldez Fernández

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: M<sup>a</sup> JESÚS GIRALDEZ FERNANDEZ, NIF \*\*\*9032\*\*, 18/02/2025 09:53:56.

CSV: 9949-F424-4B92-849B